



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**



ESCUDERÍA SURCO
RÚA MARQUÉS DE VIANA, 20
36450 SALVATERRA DE MIÑO (PONTEVEDRA)
TELÉFONO: 669337585 – 625655113

O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO CONMEMORA O DÍA INTERNACIONAL DA SAÚDE
A SAÚDE, O LATEXO DA NOSA VIDA

Con motivo da conmemoración do Día Mundial da Saúde o Concello de Salvaterra de Miño organiza o próximo domingo 9 de abril a 1ª Xornada “A Saúde, o latexo da nosa vida”, na Praza do Concello, unha xornada totalmente gratuíta e aberta a tódolos públicos. As 10 da mañá abriranse os obradoiros onde diferentes profesionais formarán aos asistentes. Teremos dous obradoiros de reanimación cardiopulmonar, un en adultos e outro en nenos e en bebés, onde se ensinarán as pautas de actuación ante unha parada cardíaca e o protocolo de reanimación, realizando unha parte práctica con bonecos de reanimación. Teremos outro obradoiro onde se abordarán como responder ante un atragantamento, mostrando como desostruír a vía aérea e as manobras a realizar, diferenciando por idades, e explicarase que é e para que se utiliza a Posición Lateral de Seguridade. Ademais informaranos das actuacións que se deben realizar ante un incidente ou accidente de alcance sanitario, que hai que realizar antes da chegada dos profesionais sanitarios e explicaranos como funcionan os teléfonos de emerxencias, como chamar, como aportar información do lugar, información do sucedido, como axudar ás equipas de emerxencia a atopar o lugar, que facer ou preparar mentres esperamos. Poderase visitar o interior dunha ambulancia, o interior do Bus de formación do Grupo Ambuiberica e os membros de Escudería Surco ensinarannos como se realizan os primeiros auxilios en automobilismo de competición. Para os máis cativos realizarase un obradoiro de debuxo e unha xincana de reanimación cardiopulmonar, onde se examinarán as habilidades aprendidas polos rapaces á hora de identificar a unha persoa inconsciente, en parada cardiorespiratoria, a solicitude de axuda e as manobras de reanimación.

Durante toda a xornada os asistentes poderán comprobar a súa tensión arterial e o nivel de azucre. Os asistentes recibirán unha especie de pasaporte que irán selando segundo pasan polos diferentes obradoiros e ao remate seralle entregado un diploma. Nesta xordana colaboran co Concello Protección Civil de Redondela, a Academia Galega de Seguridade Pública, Escudería Surco, o Grupo Ambuiberica e o Centro de Formación Vigen de San Lorenzo.